XXVII FESTIVAL DE JAZZ DE LUGO

DO 11 AD 19 DE NOVEMBRO

2017

CLUB CLAVICÉMBALO

OLGA REZNICHENKO QUINTETO SÁBADO 11 NOV. 23:30 h | PÁX. 16
LEIRA CATRO LUNS 13 NOV. 23:00 h | PÁX. 16
PERE NAVARRO QUINTETO MARTES 14 NOV. 22:00 h | PÁX. 17
MICHAEL OLIVERA GROUP MÉRCORES 15 NOV. 23:00 h | PÁX. 18
ALEJANDRO VARGAS TRÍO XOVES 16 NOV. 23:00 h | PÁX. 19
ODOJAZZ | MARIOLA MEMBRIVES VENRES 17 NOV. 23:30 h | PÁX. 20
LOS HOT CHOCOLATES SÁBADO 18 23:30 h | PÁX. 21

HO! GRUF

CINE DOCUMENTA JAZZ
OMEGA MARTES 14 NOV. 18:00 h | PÁX. 5
FATS DOMINO IN CONCERT
BLUEBERRY HILL XOVES 16 NOV. 18:00 h | PÁX. 5
HO! JAZZ VERMÚ
MARIAN LEDESMA &
TINAQUERO BROTHERS SÁBADO 18 NOV. 14:00 h | PÁX. 5

CASA DO SABER

GUILLERMO McGILL QUINTET XOVES 16 NOV. 20:00 h | PÁX. 22

O VELLO CÁRCERE

SISTERS IN THE HOUSE DOMINGO 12 NOV. 13:00 h | PÁX. 4
EJAZZ DOMINGO 19 NOV. 13:00 h | PÁX. 4

2017 EN FEMININO

Emenda e traduce: Shuï Lóng
Maquetación e impresión: Sete Cores Artes Gráficas
Deseño de portada: Iván Mouronte

CÍRCULO DAS ARTES

2017 EN FEMININO

RICCA SÁBADO 11 NOV. 20:30 h | PÁX. 6

POR MÍ SWING | O SISTER! DOMINGO 12 NOV. 18:00 h | PÁX. 7

INGRID JENSEN & CHRISTINE
JENSEN QUINTET LUNS 13 NOV. 20:30 h | PÁX. 8

MARÍA TORO PROJECT MARTES 14 NOV. 20:30 h | PÁX. 9

MAGOS HERRERA QUARTET MÉRCORES 15 NOV. 20:30 h | PÁX. 10

ALLISON MILLER'S
BOOM TIC BOOM XOVES 16 NOV. 21:30 h | PÁX. 11

DAVE DOUGLAS & CHET DOXAS:
RIVERSIDE WITH ESPECIAL
GUEST CARLA BLEY VENRES 17 NOV. 20:30 h | PÁX. 12-13

CHARENÉE WADE
QUARTET SÁBADO 18 NOV. 20:30 h | PÁX. 14

MELISSA ALDANA
QUARTET DOMINGO 19 NOV. 20:30 h | PÁX. 15

SISTERS IN THE HOUSE

O VELLO CÁRCERE ENTRADA LIBRE

DOMINGO 12 NOV. 13:00 h

Concello de Lugo
Área de Benestar Social, Igualdade e Inclusión

Dirixe: **Carmen Rey**

Concerto dentro da programación do Excmo. Concello de Lugo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

EJAZZ *A CAPPELLA*

Catro voces, catro personalidades, catro estilos a se fundir nun só harmonizados ao ritmo do *jazz*, do *soul*, da *bossa nova* e do *funk*. Sorprendentes versións *a cappella* que nos han trasladar a diferentes épocas e lugares. Unha idea musical arriscada e propia que non consente apatía.

Ángeles Dorrio, Betty Queiro, Marga Ramos e Carmen Rey: voz

O VELLO CÁRCERE ENTRADA LIBRE

DOMINGO 19 NOV. 13:00 h

HO! GRUF

CAMPO CASTELO, 52 - 27001 LUGO

CINE DOCUMENTA JAZZ

OMEGA

MARTES 14 NOV. 18:00 h

Documental, dirixido por José Sánchez Montes e Gervasio Iglesias, sobre o disco de Enrique Morente e Lagartija Nick *Sacromonte Films*.

FATS DOMINO IN CONCERT BLUEBERRY HILL

XOVES 16 NOV. 18:00 h

HO! JAZZ VERMÚ

MARIAN LEDESMA & TINAQUERO BROTHERS

SÁBADO 18 NOV. 14:00 h

RICCA

CÍRCULO DAS ARTES

SÁBADO 11 NOV. 20:30 h

Escenario **1906**

Esther Ovejero: voz
Felipe Hernández: teclados
Miguel Ponce: baixo
Niki Weber: guitarra
Sergio Díaz: batería
Kike Perdomo: saxo
Gustavo Díaz: trompeta
Sara Almeida, José Félix Álvarez e Idaira Afonso: coros

Ricca é o nome artístico co que **Esther Ovejero** empezaba unha nova andaina musical da man do produtor Pablo Cebrián. A idea xestouna durante anos e viu a luz en novembro do 2014 canda a edición do seu primeiro traballo, ***Gerunds***, que nos mostra unha Ovejero máis próxima ao *soul* e á música negra e vén repleto de boas e orixinais cancións que ofrecen un gran directo. Ricca andou e anda de xira por importantes cidades da xeografía española (Madrid, Zaragoza, Barcelona, Huesca, Teruel, Valencia…) onde tivo e ten unha acollida espectacular. Ademais, está prevista a súa participación en varios festivais no estranxeiro.

Ricca afonda nos sentimentos e é quen de somerxelo público nas súas emocións coa intensidade propia desa voz tan negra e canaria á vez.

POR MÍ SWING

CAFÉ CONCERTO *SWING*

Agrupación especializada na música *swing* dos anos trinta, corenta e cincuenta.

O *swing*, que fora entendido como un estilo dentro do xénero *jazz*, axiña acadou a consideración de xénero que engloba non poucos estilos, cada un co seu baile asociado, todos eles moi populares en Occidente na primeira metade do século XX. Falamos de *lindy hop, claquette, balboa, charleston, collegiate shag,* etc., estilos que rexorden nos anos oitenta e gozan hoxe, novamente, de gran popularidade.

POR MÍ SWING nace ao socairo de SwingJazzLugo como resposta ao desexo de dispoñer de música en directo nas festas e eventos *swing* que organiza o devandito colectivo.

O repertorio de POR MÍ SWING comprende grandes obras do *swing* máis clásico sen descoida-las novas tendencias como o *NEOSWING* e mailo *ELECTROSWING.*

Raquel López Cendán (Rachel), Ollalla Caamaño López, Miguel Basanta Bal (Basi): voces
Evaristo Frieiro Soto: contrabaixo
Miguel Martínez Rodríguez (Rulos): saxo, clarinete
Manuel Varela Bello: piano
Antonio Vázquez Seoane (Toni): batería
Miguel Rodríguez Blanca (Mike Spinelli): guitarra

O SISTER!

O grupo de *swing* O Sister! recrea o esplendor deste xénero musical nas décadas de 1920 e 1930. Presenta o terceiro LP, que supón un fito na súa traxectoria ao incluír non só a interpretación e os arranxos sobre cancións desa idade de ouro do *jazz*, senón tamén unha serie de composicións propias e a evolución do seu son cara ao *jazz* primixenio, o *dixieland.* A banda foi adquirindo e integrando este estilo no repertorio desde a súa xira por Nova Orleáns (EEUU), a finais do 2014, seguida de actuacións en festivais internacionais de Grecia, Dinamarca, Suecia e, recentemente, Malaisia. Prestixiosas citas ás que engadi-los douscentos concertos superados en algúns dos máis relevantes eventos e escenarios nacionais como os festivais de *jazz* de Vitoria e Madrid e as salas Clamores, Café Central (Madrid) e Jamboree (Barcelona).

Paula Padilla, Helena Amado e Marcos Padilla: voz
Matías Comino: guitarra
Camilo Bosso: contrabaixo
Pablo Cabra: batería

CANDELAS

CÍRCULO DAS ARTES

DOMINGO 12 NOV. 18:00 h

Escenario **1906**

INGRID JENSEN & CHRISTINE JENSEN QUINTET

FEATURING BEN MONDER

Durante os últimos vinte anos, as irmás canadenses Ingrid e Christine Jensen desenvolveron unha intensa e prolífica carreira no *jazz* contemporáneo liderando cadanseus grupos, traballando con e compoñendo para grandes orquestras de todo o mundo. A trompetista Ingrid é unha das principais solistas da Maria Schneider Orchestra hai moito tempo insuperable en tódalas eleccións a mellor do ano nas categorías *big band*, compositores e arranxistas, alén de elixida polos críticos da revista *Downbeat* entre os tres mellores trompetistas do ano por diante de grandes figuras como Christian Scott, Wallace Roney e Roy Hargrove. Christine, desde Montreal, vense destacando cada vez máis como compositora arranxista á fronte da propia orquestra de dezanove compoñentes.

Para a súa estrea no selo Whilrwind, as irmás Jensen cristalizaron un proxecto que ambicionaran levar a cabo durante longo tempo: escribir e actuar xuntas no ambiente máis íntimo dun quinteto combinando a súa confianza intuitiva de irmás coa creatividade dun xenio da guitarra como Ben Monder —para Pat Metheny, un dos grandes guitarristas do noso tempo— e que traballou con ampla variedade de músicos: Lee Konitz, Toots Thielemans, Paul Motian, a mencionada Maria Schneider e David Bowie, con quen gravou o seu derradeiro disco (*Blackstar*).

CÍRCULO DAS ARTES

LUNS 13 NOV. 20:30 h

Escenario **1906**

Ingrid Jensen: trompeta e efectos
Christine Jensen: saxos
Ben Monder: guitarra
Fraser Hollins: contrabaixo
Colin Stranahan: batería

MARÍA TORO PROJECT

María Toro, unha frautista e compositora galega que vive en Río de Janeiro pero que traballa, ademais, en Suíza, A Coruña, Madrid e Nova York, acaba de producir e gravar na cidade dos rañaceos, acompañada por coñecidos intérpretes, un disco de composicións e arranxos propios no que fusiona *jazz* e flamenco. Coruñesa do 1979, leva a frauta posta desde os oito anos e aos vinte e tres deixou a súa cidade, á cal volve cando pode. Tras concertos por medio mundo, gravou *A contraluz*, o seu primeiro traballo en solitario, xunto con xigantes do *jazz* como o pianista Jean Michel Pilc, o batería Justin Brown e o baixista Ben Street, unha contribución que completa (desde Europa) con músicos amigos do flamenco como Yelsi Heredia, Israel Varela e Andreas Arnold.

CÍRCULO DAS ARTES

MARTES 14 NOV. 20:30 h

Escenario **1906**

María Toro: frauta
Antonio Miguel: contrabaixo
Shayan Fathi: batería
Daniel García Diego: piano

MAGOS HERRERA QUARTET

CÍRCULO DAS ARTES

MÉRCORES 15 NOV. 20:30 h

Escenario **1906**

Magos Herrera: voz
Luis Guerra: piano
Reinier Elizarde *Negrón*: contrabaixo
Georvis Pico Milián: batería

Magos Herrera, cantante, compositora e produtora con máis de vinte anos de carreira musical no ámbito do *jazz*, é unha vocalista consagrada na escena contemporánea e latinoamericana deste xénero. De voz fermosa e expresiva, faise amplamente coñecida pola súa capacidade de improvisación e o particular estilo de fusiona-lo *jazz* moderno con melodías e ritmos latinoamericanos.

Orixinaria de Cidade de México e residente en Nova York, colaborou en creacións como *Stones World: The Rolling Stones Project II* e *The Music of Chick Corea*. Dos seus discos, cabe subliñar *Distancia* (2009), nomeado para os premios Grammy internacionais; *México Azul* (2011), no que rende homenaxe ao repertorio da época de ouro do cine mexicano e *Dawn* (2014), xunto co gañador de múltiples Grammy, produtor e guitarrista Javier Limón.

No 2015 grava de novo con Limón, desta volta o DVD *He for She* (2015), enmarcado na campaña homónima a favor da igualdade de xénero, no cal, ademais, participaron Fito Páez, Eugenia León, Grégoire Maret e Chabuco entre outros. Magos Herrera é portavoz de ONU Mujeres e exerceu un papel importante nas campañas Únete, orientadas a acabar coa violencia de xénero.

Foi a primeira muller en recibi-lo Master of Latin Music Award (2015), que outorga o Berklee College of Music, pola súa contribución ao desenvolvemento e exhibición da música latinoamericana.

ALLISON MILLER'S BOOM TIC BOOM

Batería de gran sensibilidade melódica e compositora de gran talento cunha linguaxe libre e flexible, Allison Miller é unha das máis prominentes figuras da escena neoiorquina da última década.

Ao tempo dunha intensa actividade en calidade de colaboradora de prestixiosos músicos contemporáneos como Ani DiFranco, Natalie Merchant, Ben Goldberg e Marty Ehrlich, Miller presenta un destacado currículo de líder, sobre todo no contexto do grupo Boom Tic Boom. A estrea discográfica de Boom Tic Boom prodúcese mediante o álbum homónimo editado no 2010 e composto case exclusivamente por obras orixinais de Allison Miller. O seu segundo rexistro, no que se advirte unha maior ambición orquestral, sería *No Morphine, No Lilies*, do 2013, coa formación inicial e que engadía a participación de músicos notables como o trompetista Steve Bernstein e o violonchelista Erik Friedlander. No 2016 edita *Otis Was a Polar Bear*, que constituirá o foco principal de atención do concerto que o grupo vai protagonizar no Festival, no cal Allison Miller se presentará acompañada da pianista Myra Melford, do contrabaixista israelita Haggai Cohen, do violinista Charles Burnham e dos membros máis recentes da banda: o corneta Kirk Knuffke e o clarinete Ben Goldberg, dous dos máis extraordinarios instrumentistas do *jazz* actual. Desta formación cabe agardar unha música vital e latexante na que as composicións de Miller e a improvisación conflúen harmoniosamente e desafían os límites das convencións modernas sobre o que é e o que pode se-lo *jazz* hoxe, no inestable territorio da actualidade.

CÍRCULO DAS ARTES

XOVES 16 NOV. 21:30 h

Escenario **1906**

Allison Miller: batería
Myra Melford: piano
Haggai Cohen: contrabaixo
Charlie Burnham: violín
Kirk Knuffke: corneta
Ben Goldberg: clarinete

DAVE DOUGLAS & CHET DOXAS:
RIVERSIDE
WITH ESPECIAL GUEST CARLA BLEY

FEATURING
STEVE SWALLOW
AND JIM DOXAS

Se se realizara unha enquisa para escolle-la Primeira Dama do Jazz, o máis probable é que a elección recaese sobre unha compositora e pianista de setenta e nove anos de idade cunha sorprendente xuventude e un eterno cabelo louro: Carla Bley. Desde que lanzou os seus primeiros álbums a finais dos anos sesenta, converteuse nunha das grandes compositoras do *jazz*, líder dalgunhas das mellores bandas das últimas décadas (como non citar á Liberation Music Orchestra que codirixiu con Charlie Haden) e pianista de toque delicado e amplo recurso harmónico. A cabalo entre a tradición estadounidense do *jazz* e a música clásica europea, na delgada liña que separa o compoñer do arranxar, Carla Bley é unha figura lendaria difícil de clasificar. O seu oído compositivo, «camaleónico», foi comparado co de Charles Ives e, como arranxista, tense vencellado a Duke Ellington e Charles Mingus... Pero nin as historias da música estadounidense nin as do *jazz* a incluíron nas súas narracións dominantes.

Nacido dun común interese na música e a figura de Jimmy Giuffre, o Riverside Quartet é unha das numerosas formacións a través das cales o trompetista e compositor Dave Douglas transmite as visións dunha mente volcánica e en constante movemento.

Para o seu segundo disco, *New National Anthem*, editado este verán, Douglas e o colíder do grupo, Chet Doxas —extraordinario saxofonista e clarinetista canadense—, elixiron como musa a figura de Carla Bley. Amais do batería Jim Doxas, encontramos no grupo a Steve Swalow, compañeiro de Carla Bley e baixista do histórico trío de Giuffre e Paul Bley, nunha especie de círculo virtuoso que alimenta unha serie de suxestións sonoras e históricas. Entre todos debuxan unha imaxe enraizada na música americana e no *jazz* na que hai cabida para a improvisación, o *bluegrass*, os himnos sacros e a música apalache.

CÍRCULO DAS ARTES

VENRES 17 NOV. 20:30 h

Escenario **1906**

Dave Douglas: trompeta
Chet Doxas: saxo
Steve Swallow: baixo
Jim Doxas: batería
Carla Bley: piano

CHARENÉE WADE QUARTET

CÍRCULO DAS ARTES

SÁBADO 18 NOV. 20:30 h

Escenario **1906**

Charenée Wade: voz
Oscar Pérez: piano
Paul Beaudry: contrabaixo
Darrell Green: batería

Charenée Wade é unha das cantantes con máis proxección do *jazz* internacional. Primeira finalista na Thelonious Monk International Vocal Competition e intérprete do Betty Carter's Jazz Ahead Program no Kennedy Center de Washington.

Charenée Wade, alén de vocalista, é compositora, arranxista e educadora. Ela foi un dos catro talentos escollidos para formar parte do obradoiro de músicos de Dianne Reeves no Carnegie Hall. Manexa o seu timbre, que recorda nalgúns momentos ao *jazz* clásico de Betty Carter e Sarah Vaughan, con técnica, dinamismo e enerxía sorprendentes e incorpora matices persoais que conectan coa vangarda actual do *jazz*. O seu segundo álbum, *Offering* (2015), é unha homenaxe, unha «ofrenda», ao repertorio dunha das súas grandes influencias, Gil Scott Heron. Para a gravación contou con músicos como Marcus Millar, Lonie Plaxico, Stefon Harris e Christian McBride.

MELISSA ALDANA QUARTET

Falar de **Melissa Aldana** é falar dun referente no mundo do saxofón actual. Esta chilena, filla e neta de famosos saxofonistas do seu país, comezou a tocar de nena e culminou os seus estudos na Berklee School of Music. Gravou, no 2010, o seu primeiro álbum, *Free Fall*. No 2012 lanza o segundo traballo discográfico, *Second Cycle*, e un ano máis tarde, con só vinte e catro, converteuse na primeira muller instrumentista e o primeiro músico suramericano en gaña-la Thelonious Monk International Jazz Competition, a máis importante no mundo do *jazz* e de cuxo xurado formaban parte, nesa edición, músicos do prestixio de Wayne Shorter e Branford Marsalis. O seu último álbum, *Back Home*, editouno en 2016.

CÍRCULO DAS ARTES

DOMINGO 19 NOV. 20:30 h

Escenario **1906**

Melissa Aldana: saxo
Pablo Menares: contrabaixo
Tommy Crane: batería
Sam Harris: piano

OLGA REZNICHENKO QUINTETO

A artista tornou coñecida no noso país tras gaña-lo concurso de grupos do Festival de Jazz de Getxo coa súa formación Ylativ Algo Quintet. Sucedeu no ano 2014, cando ela e mailos seus compañeiros eran bolseiros do Conservatorio de Leipzig. Olga Reznichenko iniciou, a partir desa data, unha fulgurante carreira como pianista.

Olga Reznichenko: piano
José Vieira: guitarra
João Mortagua: saxos
Francisco Brito: contrabaixo
Miguel Fernández: batería

CLUB
CLAVICÉMBALO
SÁBADO 11 NOV. 23:30 h

LEIRA CATRO

PRESENTA: *HEROE*

CLUB
CLAVICÉMBALO
LUNS 13 NOV. 23:00 h

Ana Leira: voz
Alfonso Calvo: contrabaixo
Iago Mouriño: piano
Miguel Queixas: batería

PERE NAVARRO QUINTETO

Quinteto liderado por **Pere Navarro**, trompetista e compositor ibizán e actualmente un dos grandes talentos nacionais do *jazz*. Pere Navarro recibiu clases mestras de músicos como Michael P. Mossman e David Pastor. Navarro empezou a tocar coa Eivissa Jazz *BigBand* aos catorce años e, máis tarde, con bandas e músicos como Threejay Trio, Gabriel Amargant, Abe Rábade e Joachim Kühn.

«Pere Navarro es un sensacional trompetista ibicenco. Le he seguido en su evolución estupenda de los últimos años. Sus composiciones siguen postulados académicos que van dando paso a creaciones más libres y fantasiosas.»

Jose Miguel López (Discópolis - Radio 3 RNE)

«No es ningún tópico afirmar que las generaciones más jóvenes son las más preparadas de todas, si nos referimos a los nuevos talentos del jazz nacional. Es el caso, por ejemplo, del quinteto de veinteañeros que encabeza Pere Navarro.»

Coctelería Milano Barcelona (Reseña)

CLUB
CLAVICÉMBALO
MARTES 14 NOV. 22:00 h
ENTRADA LIBRE

Pere Navarro: trompeta
Pep Colls: baixo ecléctrico
Joan Carles Marí: batería
Joan Solana: piano
Ferrán Borrell: guitarra

CICLO *VIVA LA MÚSICA VIVA*

radio 3

20 años fundación sgae

MICHAEL OLIVERA GROUP

ARTISTAS INVITADOS: MUNIR HOSSN / MIRYAM LATRECE

CLUB CLAVICÉMBALO

MÉRCORES 15 NOV. 23:00 h

Munir Hossn: baixo eléctrico
Ariel Bríguez: saxo tenor, soprano
Daniel García: piano
Miryam Latrece: voz
Michael Olivera: batería

Michael Olivera é un dos baterías máis relevantes no panorama musical cubano e español. Pasaron catro anos desde a chegada a Madrid de quen xa tocou con artistas do talle de Alfredo Rodríguez (Quincy Jones Artist), Javier Colina, Sting, Esperanza Spalding, Tomatito, Perico Sambeat, Miryam Latrece e moitos outros.

Tras ser batería, produtor e arranxista en diversos discos, Michael Olivera decide, no 2016, emprende-lo traballo como líder que deu á luz o seu primeiro álbum titulado *Ashé*. Acaba de grava-lo último, *Oasis*.

Batería, percusionista e produtor, comezou a desenvolver, na compaña de músicos da súa xeración como Ariel Bringuez e Reinier Elizarde *Negrón*, un estilo único e particular na maneira de concibi-lo instrumento e a música en si; adoptou un punto de vista novo para a improvisación e mailo acompañamento.

ALEJANDRO VARGAS TRÍO

Formación integrada por Alejandro Vargas (piano), Jose Manuel Díaz (contrabaixo) e L.A.R Legido (batería). Conta cunha traxectoria de seis anos de creación colectiva e abarca linguaxes desde a música contemporánea ata o *jazz* e a música afrocubana.

Os compoñentes integraron relevantes agrupacións, dirixidas por Alejandro Vargas, que puxeron en escena como dúo, trío, cuarteto, quinteto e ata octeto diversas ideas procedentes de traballo de cámara e das que resultaron discos como *Miniaturas de Eugenio Granell* que gañou o Premio Especial nos Cubadisco, distinción que lograran artistas do talle da lendaria cantante Omara Portuondo. Na actualidade, como trío, están gravando un novo disco que promete unha visión moi persoal e xenuína do *jazz* contemporáneo.

Alejandro Vargas: piano
L.A.R Legido: batería
José Manuel Díaz: contrabaixo

CLUB CLAVICÉMBALO

XOVES 16 NOV. 23:00 h

ODOJAZZ

ODOJAZZ é unha idea innovadora e diferente construída a partir da combinación da tradición *jazzística* e a música clásica occidental. Asenta as súas bases sobre un repertorio de ilustres *standards* do *jazz* (Cole Porter, George & Ira Gershwin, Billie Holiday…) para alza-lo voo sobre unha elaboradísima, detallada e precisa escritura de arranxos, que, á maneira do *jazz* escrito —non improvisado—, do *Ragtime* e das *Big Bands* tradicionais, deixa ao cuarteto unha marxe mínima para a improvisación; priman, en cambio, a perfección e a precisión da interpretación colectiva, próximas á música de cámara, que acentúan unha moi peculiar disposición das voces a miúdo máis clásica que *jazzística*.

Pilar Gual: voz
Laura Villa: clarinete
Susana Rico: violonchelo
Arturo Ballesteros: piano

MARIOLA MEMBRIVES

PRESENTA:
OMEGA 20.16

Cantante, actriz, artista multidisciplinaria, Mariola Membrives comezou este traballo como un encargo para unha homenaxe polo vinte aniversario da publicación do disco *OMEGA* de Enrique Morente. Para el, reúne unha banda formada por algúns dos músicos máis representativos da escena *jazz* e flamenca deste país co obxectivo de interpretar e gozar esta creación que significou o inicio dunha nova era no universo flamenco. En forma de réquiem, con textos marabillosos dun Lorca surrealista e escuro e dun Cohen namorado do flamenco, volvemos encontrarnos cunha obra que continúa servindo á inspiración vinte anos despois.

Estudou nas escolas de Cristina Rota e Gina Piccirilli e é profesora de *cante* flamenco no Taller de Músics. Membrives é, ademais, a cantadora do novo espectáculo de La Fura dels Baus, *Frebach* 212. Participou nas bandas sonoras de películas como *Blancanieves* e *La estrella*. Arriscou no 2014 editando un disco propio, *Llorona*, no que a súa voz se acompañaba unicamente polo contrabaixo de Masa Kamaguchi... Cancións populares, como a que dá título ao álbum, mestúranse con temas de Mariola e de Spinetta, Lole e Manuel e Javier Ruibal. Un traballo que deita emoción da desbordante e da contida e que a relaciona con artistas como Silvia Pérez Cruz, Rocío Márquez e Rosalía.

Mariola Membrives: voz
Masa Kamaguchi: contrabaixo
Oriol Roca: batería
Voro García: trompeta
Oliver Haldon: guitarra flamenca

CLUB CLAVICÉMBALO
VENRES 17 NOV. 23:30 h

LOS HOT CHOCOLATES

A medio camiño entre o tradicional conxunto de *dixieland* e as grandes *big bands* da era do *swing*, Los Hot Chocolates comeza a xestarse durante o verán do 2013 xuntando a vellos coñecidos da escena musical coruñesa. Cun espectáculo eminentemente festivo, os concertos dos Chocolates caracterízanse por transmiti-la alegría e positivismo do *jazz* tradicional e a diversión do baile *swing*.

Ao longo destes tres anos tiveron unha grande acollida por parte do público en tódolos seus concertos. Ademais, participaron no Festival +Q Jazz da sala Garufa Club, no Festival de Jazz de Lugo e no ciclo de concertos 1906 Estrella Galicia entre moitos outros. Neste momento xa contan co seu primeiro disco, *Warm up*.

CLUB CLAVICÉMBALO
SÁBADO 18 NOV. 23:30 h

Juan Tinaquero: contrabaixo, tuba
Luis Tinaquero: guitarra, banxo
Iago Mouriño: piano
Santi Roma: batería e táboa de lavar
Santi González: saxofón tenor, barítono
Pablo Añón: saxo alto
Víctor Sánchez: clarinete, saxo soprano
Diego Rodríguez: trombón solista
Fernando González: trompeta, corneta
Marian Ledesma e Miguel Ladrón de Guevara: voz

GUILLERMO McGILL QUINTET

CASA DO SABER

ENTRADA LIBRE

XOVES 16 NOV. 20:00 h

Dani Juárez: saxo tenor
Daniel García: piano
Reinier Elizarde: contrabaixo
Guillermo McGill: batería

Guillermo McGill, percusionista nacido en Montevideo no 1965, vive en Barcelona desde os doce anos de idade. Comezou tocando coa banda do Taller de Músics de Barcelona cando aínda era un adolescente, época na que obtivo tres veces seguidas o primeiro premio no Concurso Nacional de Jazz para Jóvenes Intérpretes. Tocou con músicos de *jazz* internacionais entre os que destacan Kenny Wheeler, Tete Montoliu, Wallace Roney, Wynton Marsalis, Barry Harris, John Abercrombie, David Binney, Gonzalo Rubalcaba, Paolo Fresu, Dave Liebman, Perico Sambeat e Joe Pass.

A maior proxección, non obstante, conséguea en grupos e xunto con artistas de fusión flamenca, especialmente trala colaboración con Chano Domínguez, co que gravou varios discos. Colaborou con cantadores de flamenco como Enrique Morente, Esperanza Fernández e Ana Salazar, á que produciu un disco no 2003, e con músicos de fusión flamenca como Juan Manuel Cañizares, Carles Benavent e Jorge Pardo.

En calidade de líder, editou cinco álbums: *Los sueños y el tiempo* (1999), *Cielo* (2002), *Oración* (2005), *Tan cerca* (2008) e *The Art of Respect* (2013), este último na compaña de Dave Liebman, John Abercrombie e George Mraz.

En el mundo hay dos tipos de personas: las que cada día hacen lo de siempre y las que cada día viven algo por primera vez.
Para estas últimas hemos creado el BMW X3 más ágil, espacioso, eficiente y tecnológicamente avanzado de la historia.
Un todoterreno que incluye todo lo necesario para experimentar una nueva forma de conducir:

- **BMW Personal CoPilot:** permite una conducción semi-autónoma.
- **BMW Head-Up Display:** proyecta información clave y a todo color en el campo visual del conductor.
- **Sistema de navegación Professional con Control por gestos:** activa determinadas funciones mediante el reconocimiento de gestos.
- **Visión Remota 3D:** controla el entorno de tu BMW X3 directamente en tu Smartphone.

Conduce el nuevo BMW X3 y empieza a acostumbrarte a no hacer nunca lo de siempre.

Lugauto
Ctra. Nueva de Santiago, km 2,1
Louzaneta, s/n
Tel.: 982 24 40 61
Lugo

www.lugauto.bmw.es

Consumo promedio: desde 5 hasta 8,2 l/100 km. Emisiones de CO_2: desde 132 hasta 188 g/km.

Organiza:

asociación de amigos do Escobi JAZZ

PATROCINAN E COLABORAN:

Concello de Lugo
Concellería de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE · inaem

DEPUTACIÓN DE LUGO

1906 NUESTRA INTERPRETACIÓN más PERSONAL

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA · aie Artistas Intérpretes o Ejecutantes · enruta jazz

fundación sgae · EL PROGRESO · Lugauto ¿Te gusta conducir?

CAIXA RURAL GALEGA · CANDELAS

USC Universidade de Santiago de Compostela · Círculo de las Artes Lugo · Para comer, Lugo · OcioenLugo.com

Venda anticipada de entradas

Notikumi.com

+ info www.jazzlugo.com